

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **23 de xaneiro de 2020**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 17.00 horas do día 23 de xaneiro de 2020, reúnese a comisión informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 12 de decembro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 12 de decembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO BNG A FAVOR DA XESTIÓN PÚBLICA DIRECTA DO FUTURO CAPD PÚBLICO DE OURENSE

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, expón o contido da moción. Indica que esta moción ven da man da Plataforma ProCAPD-Ourense e que incluso están valorando a posibilidade de que sexa esta plataforma a que utilice a quenda de intervención na sesión plenaria.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, indica que o seu grupo está a favor, xa que se trata de dar unha resposta axeitada para estes/as nenos/as que tanto o necesitan.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, indica que comparte a intención da moción, igualmente a proposta de que o cen por cen das prazas sexan públicas con acceso e control público con estándares públicos, se ben se reserva para un estudo máis detallado do modelo de xestión, non descartando que se puidese empregar unha xestión indirecta se se acredita que é máis conveniente; e manifesta a súa reserva de voto para o Pleno.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que coincide no esencial da moción e que, en todo caso, se debe instar á Xunta de Galicia xa que esta situación non se pode demorar máis.

A **presidenta da comisión** indica que o Grupo Popular vai reservarse o seu voto para o Pleno e coincide no esencial co que expuxo o portavoz de Democracia Ourensana.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, insiste en que son as propias familias as que demandan unha xestión pública directa do futuro centro ao igual que sucede nos tres centros das outras tres provincias de Galicia, indicando que son as familias as que mellor coñecen as demandas e necesidades destes/as nenos/as, polo que o modelo que funciona nas

outras tres provincias debe ser o mesmo que se implante en Ourense e que os/as nenos/as sexan tratados por profesionais do sector público.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, quere resaltar un matiz e solicita ao Grupo de Goberno que nun tema tan sensible non utilice esa técnica tan habitual de realizar unha emenda de substitución á moción do grupo propoñente que desvirtúe a proposta.

A **presidenta da comisión** indica que a Deputación Provincial xa no Pleno de decembro de 2016 amosou con contundencia e unanimidade a súa clara vontade neste asunto, e que en todo caso se trata dun tema moi sensible que convén despolitizar en todo o que sexa posible con respecto total á Plataforma ProCAPD-Ourense.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1), do Grupo Socialista (3) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1); e a abstención do Grupo Popular (5) e de Democracia Ourensana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- O Pleno insta á Xunta de Galicia a que garanta por escrito que o centro público será de xestión exclusivamente pública directa.

2º.- O Pleno insta á Xunta de Galicia a realizar unha modificación de crédito dos orzamentos da Xunta de Galicia que garanta a súa xestión pública directa a través da contratación de persoal público. Dispoñendo os fondos precisos para poñer en funcionamento de xeito inmediato o servizo público directo, tanto para o pago da contratación de persoal como para dotar do equipamento preciso as instalacións e non ter que agardar un ano a maiores desde a finalización das obras.

3º.- O Pleno insta á Xunta de Galicia a realizar unha convocatoria urxente dun concurso oposición para a selección inmediata de persoal que garanta a dispoñibilidade de persoal público cualificado nada máis rematen as primeiras fases do proxecto.

4º.- O Pleno insta á Xunta de Galicia a garantir a participación efectiva da plataforma social no proceso de construción do novo CAPD de Ourense, para garantir que se acometa conforme coas demandas acordadas así como a garantir que o futuro centro de atención ás persoas con discapacidade (CAPD) de Ourense será de xestión exclusivamente pública e directa.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, aínda recoñecendo que non é o lugar axeitado para formular este rogo, pide ao Grupo de Goberno que valore a utilización que está facendo das emendas de substitución, recorda que o seu grupo, o BNG e Democracia Ourensana só poden presentar unha moción por Pleno e as ditas emendas botan por terra o traballo deste grupo.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, pon como exemplo ao Concello de Allariz, onde o trámite que se lle dá ás mocións só permite que estas sexan aprobadas, consensuadas ou rexeitadas pero non substituídas por outras. Ao mesmo tempo solicita os datos do programa CHEGOU 2019.

A **presidenta da comisión** indica que se lle facilitará a dita información.

E, ás 17.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.